



ENTIDADE LOCAL MENOR DE ARCOS DA CONDESA

Boletín Informativo: 1/2022

Estimada veciña, estimado veciño:

En calidade de Alcalde-Presidente da Entidade Local Menor de Arcos da Condesa pónome en contacto con vostede para informar sobre diferentes asuntos.

INGRESOS DA LEXISLATURA


O pasado mes de agosto, por primeira vez se fixo público á veciñanza, o total de ingresos xerados nunha poxa de madeira. Aquela poxa, a primeira é única, celebrada por este equipo de goberno, supuxo a entrada nas arcas da Entidade dun total de 43.228,08€.

Durante este inverno unha vez rematadas as cortas e revisadas, os madeiros tiveron que ingresar por danos, 2.866,91€.

Ademais, despois de dous anos de búsqueda de información, estudo do trazado, do monte afectado e dunha posterior negociación coa empresa, esta Entidade conseguiu que se indemnizara polo paso dunha liña eléctrica sobre 0,8ha de monte, por un importe de 44.671,30€, correspondendo o ingreso do 60% 26.802,77€ nesta entidade e o 40% restante no fondo de mellora do monte.

OBRAS E GASTOS DE XULLO 2021 A ACTUALIDADE

DESCRIPCIÓN	GASTO
LIMPEZAS ATRIO E CEMENTERIO 21-22	1.397,80 €
LIMPEZAS PRAZAS, FONTES.... XULLO 21	1.391,50 €
LIMPEZAS PRAZAS, FONTES, MANATIAIS OUTUBRO21	3.291,20 €
LIMPEZA CEMENTERIO NOVO FEBREIRO 22	605,00 €
LIMPEZA DE PISTAS E REPARACIÓN TAPAS NOVEMBRO 21	6.739,70 €
REPARACIÓN PORTAS BAÑOS IGREZA E CEMENTERIO	982,52 €
LIMPEZAS XULLO-AGOSTO 22	1.597,20 €
MATERIAS E MANDE OBRA FORMIGON APORTADO CONCELLO	9.467,04 €
REPARACIÓN TUBAXE EN SAM MARTIÑO XULLO 22	835,18 €
XESTOR CONTABLE	3.639,87 €
PROGRAMA CONTABILIDADE	2.358,56 €
TELÉFONO 21-22	1.560,00 €
GASTOS VARIOS	789,66 €
PÁXINA WEB	356,16 €
SUBVENCIÓN SAN XOÁN 22	750,00 €
SUBVENCIÓN COMISIÓN DE FESTAS 2019 E 2022	3.500,00 €
SUBVENCIÓN ACTIVIDADES DE NADAL 21	300,00 €
ALUMEADO NADAL 2021	2.178,00 €
SEGURO ENTIDADE	567,24 €
DEVOLUCIÓN SUBVENCIÓN LUZ 2020	6.153,80 €
AVOGADA RECLAMACIÓN	1.582,68 €
TOTAL	50.043,11 €





ENTIDADE LOCAL MENOR DE ARCOS DA CONDESA

CONVENIO ANUAL CO CONCELO DE CALDAS DE REIS PARA O ALUEMEADO PÚBLICO

Por toda a veciñanza e sabido que o Concello viña asinando un convenio coa Entidade Local Menor, para o pago das facturas do alumeado público.

No mes de febreiro de 2021 o Alcalde do Concello, tras unha reunión de 5 minutos mantida con este presidente, se me espuxo que ou cambiaba o meu equipo de goberno ou rompía relacións coa Entidade. Tal foi así que 3 días despois enviou unha carta a veciñanza comunicando que non se aceptarían peticións dende esta entidade.

En Xullo do 2021, noutra reunión a que tamén acudiu un dos vocais, se nos dixo que o convenio non se renovaríase salvo que o PP de caldas aprobase os orzamentos municipais.

Como consecuencia, a Entidade leva dous anos sen recibir nin o anticipo nin o pago posterior para o alumeado público, polo que a día de hoxe levamos destinados 13.030,32 do ano 2021 e sobre 15.000,00€ do 2022.

RECLAMACIÓN DO 25% DOS IMPOSTOS AO CONCELO

Ante os feitos descritos anteriormente, e consultando co resto de Entidades, e sobre todo con servizos xudíricos, este presidente e o seu equipo de goberno solicitamos primeiro por escrito e despois (a vista de que non houbo nin resposta) por vía xudicial, que o concello cumprise a lei e nos ingresase o 25% dos impostos recadados en Arcos e aos que a Entidade ten dereito

Tras uns meses de xuízo, esta semana recibimos a **RESOLUCIÓN FAVORABLE**, que condena ao Concello de Caldas de Reis, a cuantificar e abonar os cartos correspondentes dende o 2017.

A pesar de todas as trabas, e desgaste que isto crea e creou para este presidente e o seu equipo de goberno, esta resolución quedará para sempre, como un dereito da veciñanza e da Entidade, que polo que primeiro debe velar un presidente

Seguimos traballando a prol da veciñanza buscando financiamento coas diferentes administracións, para mellorar a calidade dos servizos e de vida das nosas veciñas e veciños

Finalmente comunicar que pode por se en contacto coa Entidade Local:

- Por Correo electrónico: alcaldia@arcosdacondesa.org
- Chamando ao teléfono da E.L.M.: **628 251 598**, que tamén dispón de servizo de Whatsapp.

Arcos da Condesa, a 15 de setembro de 2022.

O Alcalde-Presidente da Entidade Local Menor de Arcos da Condesa.

JOSÉ FRANCISCO ALONSO GÓMEZ

